

Guía ESA INGLÉS (Curso 2018-2019)

Materiais

Seguiremos os seguintes libros nos cursos **presenciais**;

1º ESA *English for Adults Today 1. Burlington Books*. Introducción – unidade 4.

2º ESA *English for Adults Today 1. Burlington Books*. Unidade 5- unidade 8.

3º ESA *New Burlington English for Adults 2. Burlington Books*. Introducción- unidade 4.

4º ESA *New Burlington English for Adults 2. Burlington Books*. Unidade 5- unidade 8.

Nos cursos semi-presenciais seguiremos os materiais da Xunta correspondentes ao **Ámbito de comunicación: Lingua inglesa** colgados na seguinte páxina web:
<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>

1º ESA - Módulo 1- Unidades 1-4

2º ESA – Módulo 2 – Unidades 5-8

3º ESA – Módulo 3 – Unidades 9-12

4º ESA – Módulo 4 – Unidades 13-16

A **temporalización** dos contidos dependerá en gran medida do ritmo de aprendizaxe dos distintos grupos polo que é responsabilidade do alumno poñerse en contacto cos profesores correspondentes para saber cal é a materia que entra nos distintos exames.

Para os alumnos de **semipresencial** haberá dous parciais. Un a mediados de novembro e outro a finais de xaneiro. Débese consultar a páxina web do centro ou solicitar a información os profesores de cada curso.

Para os alumnos de **presencial** a materia pode avaliarse con diversos controis ó longo do curso que fixará o seu profesor cando estime oportuno.

Ademáis os distintos profesores usarán materiais adicionais na clase, páxinas web de referencia, etc. De non poder asistir ás clases é deber do alumnado pedilas a un compañeiro ou os profesores para poñerse ó día no seguimento do curso.

Tamén está a disposición dos alumnos a biblioteca do centro, onde se poden atopar dicionarios, gramáticas e outros materiais de referencia.

Criterios de avaliación e mínimos esixibles

Recóllense na programación do departamento.

Criterios de cualificación e procedementos de avaliación .

80% Probas escritas: Avalíase aquí preferentemente a comprensión e expresión escrita, a comprensión oral e a reflexión sobre a lingua. As probas terán as seguintes partes có porcentaje que se detalla a continuación:

- Grammar and vocabulary: 45%
- Writing: 20%
- Reading: 20%
- Oral work (listening and/or pronunciation): 15%

20% Traballos, actividades orais, actitude: Atención e interese, asistencia, participación, traballos presentados... No caso de non asistir a clase con regularidade e non entregar traballos, a cualificación do alumno será exclusivamente a do exame.

É **avaliación continua**, polo que non se farán probas de recuperación, se non que en todos os exames entrará a materia vista anteriormente.

O profesor ten a facultade de poder excluir da realización do exame aos alumnos que leven a cabo calquer actuación de tipo fraudulento durante a realización dos mesmos.

Calificación final

Unha vez realizados os exames correspondentes dos submódulos de Lingua Galega, Castelá e Lingua Estranxeira, considerarase aprobado aquel alumno que acade un 5. (70% da cualificación: Lingua Galega e Castelá, 30%, Lingua Estranxeira).

Convocatoria extraordinaria

Para os alumnos que non acaden unha valoración final positiva ,habrá unha proba extraordinaria

Os contidos e exames da proba extraordinaria rexeranse polos mesmos criterios de avaliación e contidos mínimos das probas ordinarias. As datas están publicadas na páxina web do centro.

Para calquer outra consulta, poñerse en contacto coas profesoras María del Carmen Vázquez Rodríguez e Daniel Rouco Regueiro.